



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** NOMEAMENTO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO CONCELLO DE ABEGONDO (A CORUÑA)

**EXPEDIENTE:** 2025/E002/000002 – 2025/G003/000794

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Por Resolución de Alcaldía núm. 380/2025 de data 18 de xuño de 2025 acordouse aprobar e convocar o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da escala administración local (subescala auxiliar administrativo, administrativo) no Concello de Abegondo (A Coruña)

**SEGUNDO.** Por Resolución de Alcaldía núm.545/2025 de data 14 de agosto de 2025 acordouse aprobar a listaxe provisional de admitidos ao proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da subescala auxiliar administrativo no Concello de Abegondo (A Coruña). Dita resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal  
[https://sede.abegondo.gal/sxc/es/informacion/tablon/2025/ANUNCIO\\_PROG\\_20250814200000056.html](https://sede.abegondo.gal/sxc/es/informacion/tablon/2025/ANUNCIO_PROG_20250814200000056.html)

Por Resolución de Alcaldía núm. 601/2025 de data 05 de setembro de 2025 acordouse aprobar a listaxe definitiva de admitidos o nomeamento do tribunal e data do exame do proceso selectivo para o nomeamento de persoal funcionario interino da subescala auxiliar administrativo no Concello de Abegondo (A Coruña). Dita resolución foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 173 , do 11 de setembro de 2025 e o anuncio no no taboleiro de anuncios da sede electrónica

[https://sede.abegondo.gal/sxc/es/informacion/tablon/2025/ANUNCIO\\_PROG\\_20250911120000040.html](https://sede.abegondo.gal/sxc/es/informacion/tablon/2025/ANUNCIO_PROG_20250911120000040.html)

**TERCEIRO.** Por Resolución de Alcaldía núm.685/2025 de data 9 de outubro de 2025 resolveuse a creación da bolsa de traballo para a contratación temporal de auxiliares administrativos no Concello de Abegondo (A Coruña).

**CUARTO.** O departamento de Servizos sociais do Concello de Abegondo informa con data 9 de outubro de 2025 literalmente o seguinte:

“O departamento de Servizos sociais do Concello de Abegondo está na actualidade con escaseza de persoal, debido a que o posto de auxiliar administrativo está vacante.

Por outra banda, a carga de traballo prodúcese cada vez máis en tarefas administrativas sendo estas urxentes e inaplazables por contar con prazos en trámites como solicitudes e xustificacións de subvencións, solicitudes de prazas nos servizos como escola infantil, atención temperá... e asuntos que non poden demorarse ata a cobertura do posto.

Polo tanto, para o bo funcionamento do departamento de Servizos sociais e co fin de poder acometer os traballos propios de competencia municipal, considérase necesario a contratación dun auxiliar administrativo que desempeñe as funcións propias da subescala xa que é o único posto de auxiliar do departamento.”

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](http://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

CVD: /NUT/sakYXoLZhnvLM3G Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.abegondo.gal/>



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro 8TREBEP.

## CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** De conformidade co disposto no artigo 10 TREBEP, esta Administración poderá nomear funcionarios interinos por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia para o desenrolo de funcións propias de funcionarios de carreira cando seade algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4 de dito artigo.
- b) A substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

**SEGUNDA.** Pola súa banda, o artigo 19.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 restrinxen os nomeamentos e contratacións temporais nos seguintes termos:

Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada por Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable

Consta no expediente a acreditación das circunstancias excepcionais e as necesidades urxentes e inaprazables que xustifican o presente nomeamento.

**TERCEIRA.** De acordo as bases do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo para o nomeamento de persoal funcionario interino da escala administración local (subescala auxiliar administrativo, administrativo) no Concello de Abegondo (A Coruña), o procedemento a seguir é o seguinte:

### “Décimo primeira. Funcionamento da bolsa

#### A) Chamamento dos aspirantes

Cando as necesidades do servizo así o requiran e, en calquera dos supostos aos que se refiren estas bases, procederáse por estrita orde, ao chamamento de candidatos da bolsa por escrito.

O aspirante chamado disporá, como regra xeral, dun día hábil dende a recepción para aceptar ou rexeitar a oferta de nomeamento. En caso de rexeitar a oferta, o candidato deberá acreditar motivos xustificadas que imposibiliten a aceptación para manterse na bolsa. Unicamente se considerarán motivos xustificadas:

- a) Enfermidade do candidato que lle impida o desenvolvemento do posto de traballo, sempre que sexa debidamente acreditada mediante certificado médico.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- b) Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, dentro do período legalmente establecido para o disfrute do permiso debido á dita situación.
- c) Circunstancias persoais graves, que sexan debidamente acreditadas, non previsibles, que tivesen lugar nun período non superior a tres días hábiles anteriores á data na que se realice a oferta ou se produza a incorporación.

No caso de que se requira a incorporación do persoal de maneira urxente, é dicir, con anterioridade ao transcurso das vinte e catro horas ás que se refire o apartado anterior, o chamamento realizarase de forma telefónica. Realizaranse dous intentos como mínimo en horas distintas. De non ser localizado o primeiro candidato dispoñible da lista procederase a chamar aos seguintes candidatos.

Nestes casos, a falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando a súa posición na bolsa para futuros chamamentos.

O aspirante chamado deberá aportar, xunto coa súa aceptación, unha declaración xurada na que se poña de manifesto que non variaron as circunstancias declaradas no momento da constitución da bolsa.

#### B) Causas de exclusión da bolsa

A exclusión dun aspirante da bolsa producirase por algunha das seguintes causas:

- a) Solicitude expresa por escrito.
- b) Rexeitamento de nomeamento por causa non xustificada.
- c) Falta de toma de posesión no prazo establecido por causa non xustificada.
- d) Por ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave ou moi grave.
- e) Non presentar en prazo a documentación previa necesaria para proceder ao nomeamento á que se refire á cláusula anterior ou a declaración xurada.

#### **Décimo segunda. Nomeamento e toma de posesión**

Unha vez seleccionado o/a aspirante conforme ao procedemento previsto na base décimo primeira, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento e notificarase para tal efecto.

A persoa seleccionada deberá tomar posesión no prazo máximo duns cinco días hábiles que contarán desde a notificación da resolución de nomeamento. No caso de que o posto a cubrir se reserve na Relación de Postos de Traballo a persoal laboral, aplicarase este mesmo prazo para a sinatura do contrato de traballo correspondente.

#### **Décimo terceira. Vixencia**

As bolsas de traballo resultantes do proceso de selección regulado nestas bases estarán vixentes ata a posta en marcha dun novo proceso de selección que as substitúa.

Sen prexuízo do anterior, entenderase que esta bolsa perde a súa vixencia transcorridos tres anos dende a data da súa constitución."

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Nomear a Cintia María Pedreira Vázquez con NIF \*\*\*0495\*\* como funcionaria interina da subescala auxiliar administrativa para ocupar transitoriamente o seguinte posto vacante da RPT:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Cód.	Denominación	Dot.	CD	CE	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
7003	Tramitador/a	1	18	6.391,42*		C	AL	C1 / C2	Admón. Xeral	Administrativa / Auxiliar	Bacharelato / ESO	-	-

\* O CE consígnase polo importe de 14 meses.

**SEGUNDO.** O presente nomeamento terá unha duración máxima de tres anos. Transcorrido este prazo producirase a fin da relación de interinidade. Excepcionalmente, a funcionaria interina poderá permanecer no posto sempre que se publique a correspondente convocatoria dentro do prazo de tres anos a contar dende a data do presente nomeamento e resólvese conforme aos prazos establecidos no artigo 70 TREBEP. Neste suposto, poderá permanecer ata a resolución da convocatoria sen que o seu cese de lugar a compensación económica.

Sen prexuízo do anterior, extinguirase a relación de interinidade no caso de que o posto sexa ocupado por persoal funcionario de carreira.

**TERCEIRO.** Notificar a persoa seleccionada co fin de tomar posesión no prazo máximo de cinco días hábiles que contarán desde a notificación da resolución de nomeamento.

**CUARTO.** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino. Dou fe, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Iago Manuel Bermejo Varga



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.